

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

ACTA númer. 04/2018



**REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DO RÍO MIÑO (AECT RÍO MIÑO)**

O 25 de setembro de 2018, ás 17:00 horas (hora local), nas instalacións da CIM Alto Minho en Valença, situadas na avenida Miguel Dantas, núm. 69, reuniuse o Consello Coordinador da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Miño).

Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador da **AECT Río Miño**, o director, Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra; o vicedirector, João Fernando Brito Nogueira, presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira; a vogal Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra, e o vogal João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Câmara Municipal dos Arcos de Valdevez. Asistiron tamén á reunión os membros do Secretariado Técnico, António Pereira Torres e Lois Pérez Castrillo, e Bruno Caldas, da CIM Alto Minho.

A reunión foi presidida polo director do Consello Coordinador da **AECT Río Miño**, Uxío Benítez Fernández, e nela tratáronse, de acordo coa orde do día, os seguintes asuntos:


1. Aprobación da acta da reunión anterior

Tras a apertura por parte do director da AECT Río Miño presentouse a acta da reunión do 19 de xullo de 2018 que, despois de lida e revisada, foi aprobada por consenso unánime e asinada polas persoas presentes nesa reunión.

Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en minuta.

2. Asuntos relacionados coa implementación dos proxectos Visit Rio Minho e Smart Miño, cofinanciados polo Programa Interreg V-A

No ámbito deste asunto, aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:



No ámbito da Actividade 1-Estruturación da marca Río Miño, do proxecto Visit Rio Minho, en concreto o procedemento de contratación por consulta previa CP_01_18 para a **Adquisición de servizos para o desenvolvemento do Plan de marca Río Miño e definición de especificacións técnicas de branding**, o Secretariado Técnico informou sobre o punto de situación do procedemento e quedou establecido que o asunto se tratará na próxima reunión do Consello Coordinador.

No ámbito do proxecto Smart Miño, o Secretariado Técnico informou da calendarización do proceso de participación pública e das reunións coas dinámicas locais transfronteirizas. Igualmente no ámbito do proceso de participación pública estableceuse que o punto 3 da enquisa en liña (anexo 1), que identifica os investimentos más relevantes para a zona de fronteira, sexa validado previamente xunto cos alcaldes da fronteira do río Miño.

Estas deliberacións foron aprobadas, por unanimidade, en minuta.

3. Outros asuntos de interese para a AECT Río Miño

No ámbito deste asunto, foron aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

- Solicitarles xuntanzas para a presentación da AECT Río Miño e da Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030, ás seguintes entidades: CCDR-N; Xunta da Galicia; Desenvolvimento e Cohesão (PT); Fondos Europeos–Ministerio de Facenda; Secretaría Xeneral de Coordenación Territorial–Ministerio de Política Territorial e Función Pública.
- Preparar o proceso de instalación do Consello Consultivo da AECT Río Miño, de acordo co artigo 19 dos estatutos, en concreto un convite-tipo e a lista de entidades que se van convidar (anexo 2).

Estas deliberacións foron, por unanimidade, aprobadas en minuta.

Sen máis asuntos que tratar, a reunión finalizou ás 18:30 horas.

Para que así conste elaborouse esta acta, que asinaron o director e vicedirector da AECT Río Miño.

AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO

Valença, 25 de setembro de 2018

O director

Uxío Benítez Fernández

O vicedirector

João Fernando Brito Nogueira